Para o resto de residuos, a partida presupostaria de execución material aquí determinada deberá ser xustificada polo Contratista que execute as obras unha vez obtidos a tipoloxía e os volumes reais xerados na obra.

De aplicar as medicións e os prezos, obtense o presuposto resumido seguinte:

LER 170603	3.394,84 €
TOTAL	3.394,84 €

Axúntanse o cadro Excel de medición

ESTIMACIÓN DE COSTE PARA LA GESTIÓN DE RESIDUOS

PRESUPUESTO

A.- ESTIMACIÓN DEL COSTE DE TRATAMIENTO DE LOS RCDs (calculo sin fianza)

Tipología RCDs	Estimación (m ³)	Precio gestión en Planta / Vestadero / Cantera / Gestor (€/m ³)	Importe (€)	% del presupuesto de Obra
A1 RCDs Nivel I				
Tierras y pétreos de la excavación	330,31	7,35	2427,78	0,37%
Orden 2690/2006 CAM establece límites entre 40 - 60.000 €				0,37%
A2 RCDs Nivel II				
RCDs Naturaleza Pétreo	28,30	14,93	442,52	0,07%
RCDs Naturaleza no Pétreo	9,45	14,93	141,09	0,02%
RCDs Potencialmente peligrosos	9,24	14,93	137,95	0,02%
				0,11%

B.- RESTO DE COSTES DE GESTIÓN

B1.- % Presupuesto hasta cubrir RCD Nivel I	0,00	0,0000%
B2.- % Presupuesto hasta cubrir RCD Nivel II	0,00	0,0000%
B3.- % Presupuesto de Obra por costes de gestión, alquileres, etc...	245,50	0,03%

TOTAL PRESUPUESTO PLAN GESTION RCDs	3.394,84	0,51%
--	-----------------	--------------

ANEXO 5: ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO ADMINSITRACIÓN

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



ÍNDICE

- 1.- VALORACIÓN ESTIMADA DAS EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS
- 2.- RESUME PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



1.- VALORACIÓN ESTIMADA DAS EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS

1.1.- EXPROPIACIÓNS

As zonas a ocupar polo paso das conduccións atópanse dentro da zoa de servidume, (pistas, estradas, etc.). Considérase que o valor das expropiacións é de cero EUROS.

Polo tanto a valoración será:

Superficie de Expropiación: 0 m².

Valoración de Expropiación: 0 €.

VALORACION ESTIMADA DE EXPROPIACIÓNS0 Euros.

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



2.- RESUME PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

1.- VALORACIÓN ESTIMADA DAS EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS.....	0 Euros.
2.- PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA.....	952.737,42 €.
TOTAL PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACION	952.737,42 €.

Ascende o Presuposto Total para Coñecemento da Administración á expresada cantidade de **ORZAMENTO DE NOVECENTOS CINCUENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (952.737,42 €).**

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



DOCUMENTO Nº 2



UNIÓN EUROPEA

CONSTRUCCION DE SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR
FASE I. CONCELLO DE TEO

PREGO DE CONDICIÓN 71

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.

PREGO DE CONDICIÓN

ÍNDICE

CAPITULO 1.- DEFINICIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN	74
1.1.- OBXECTO DO PREGO	74
1.2.- DOCUMENTOS QUE DEFINEN AS OBRAS	74
1.3.- DESCRICIÓN XERAL DAS OBRAS	74
CAPITULO 2.- NORMAS E INSTRUCCIÓN	74
2.1.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL	74
2.2.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER PARTICULAR	74
CAPITULO 3.- CONDICIÓN QUE DEBEN SATISFACE-LOS MATERIAIS	75
3.1.- MATERIAIS EN XERAL	75
3.2.- ANÁLISES E ENSAIOS PARA A ACEPTACIÓN DOS MATERIAIS	75
3.3.- MATERIAIS NON ESPECIFICADOS NO PREGO	75
3.4.- TRABALLOS EN XERAL	75
3.5.- EQUIPOS MECÁNICOS	75
3.6.- ANÁLISES E ENSAIOS PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS	75
3.7.- OBRAS NON INCLUÍDAS OU TRABALLOS NON ESPECIFICADOS NO PREGO	76
3.8.- TUBEIRAS DE FIBROCEMENTO	76
3.9.- TUBEIRAS DE P.V.C	76
3.10.- TUBOS DE P.E.A.D	76
3.11.- TUBOS E CONDUCTOS DE FORMIGÓN	77
3.12.- TUBEIRAS DE FUNDICIÓN DÚCTIL	77
3.13.- VÁLVULAS	77
3.14 VENTOSAS	77
3.15.- CHAVES DE PASO	77
3.16.- PAVIMENTO DE FORMIGÓN	77
3.17.- BALDOSA HIDRÁULICA	78
3.18.- TERRAZO	78
3.19.- BORDELOS	78
3.20.- PAVIMENTOS FLEXIBLES	79
3.21.- OBRAS DE FÁBRICA	81
3.22.- OBRAS ACCESORIAS	82
3.23.- MORTEIROS DE CEMENTO	82
3.24.- ARMADURAS DE ACEIRO A EMPREGAR EN FORMIGÓN ARMADOS	83
3.25.- ENCOFRADO	83

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.

3.26.- FÁBRICA DE LADRILLO	83
3.27.- REXUNTADOS E ENLUCIDOS	83
3.28.- ARQUETAS E POZOS DE REXISTRO	83
3.29.- PEZAS ESPECIAIS, APARATOS E MECANISMOS	84
CAPITULO 4.- EXECUCIÓN E CONTROL DAS OBRAS	84
4.1.- REPLANTEO DAS OBRAS	84
4.2.- DESPEXE E DESBROCE DO TERREO	84
4.3.- ESCAVACIÓN DA EXPLANACIÓN E PRÉSTAMOS	84
4.4 DESMONTE	85
4.5.- TERRAPLÉNS	86
4.6.- ESCAVACIÓN DE CIMENTOS E ZANXAS	86
4.7.- EXPLANACIÓNS MELLORADAS	87
4.8.- RECHEO DE CIMENTOS E ZANXAS	87
4.9.- FORMIGÓNS	87
4.10.- EXECUCIÓN DAS ZANXAS E ESCAVACIÓNS	89
4.11.- TUBEIRAS EN ZANXA, PROBAS E RECHEO DE ZANXA	89
4.12.- OBRA NO INTERIOR DOS TÚNELES	89
4.13.- OBRAS DE FORMIGÓN	90
4.14.- CONTROL	90
4.15.- NORMA XERAL	90
CAPITULO 5.- MEDICIÓN, VALORACIÓN E ABONO DAS OBRAS	90
5.1.- MEDICIÓN	90
5.2.- VALORACIÓN	90
5.3.- ABONO	91
CAPITULO 6.- DISPOSICIÓNS XERAIS	91
6.1.- PERSOAL DA OBRA	91
6.2.- MEDIDAS DE SEGURIDADE	91
6.3.- REVISIÓN DE PREZOS	91
6.4.- NORMAS PARA A RECEPCIÓN	91
6.5.- PRAZOS	91

CONSTRUCCION DE SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I. CONCELLO DE TEO

PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020

Real decreto 1516/2018, de 28 de decembro, e o real decreto 316/2019, de 26 de abril

PREGO DE CONDICIÓN S

CAPITULO 1.- DEFINICIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste Prego é definir as condicións técnicas particulares que ademais das cláusulas administrativas e económicas que regulan o presente contrato, xunto coas normas de carácter xeral que logo se citan, rexeran na execución das obras contidas no presente Proxecto.

Todo o que expresamente non estivera establecido no prego, regularase polas normas contidas na vixente Lei de Contratos do Estado, no Regulamento Xeral de Contratación, no rego de Cláusulas Administrativas Xerais e no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para as obras de estradas e pontes do MOPU (P.G. 4/88), aprobado por O.M. do 21 de xaneiro de 1.988. Asimesmo para todos aqueles materiais ou unidades de obra, non incluídos expresamente no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares, será de aplicación o citado P.G. - 4.

1.2.- DOCUMENTOS QUE DEFINEN AS OBRAS

En xeral son as que constitúen este Proxecto e particularmente por orden de importancia: Planos, Prego de Prescricións Técnicas Particulares, Cadros de Prezos, Medicións, Presuposto e Memoria.

Procúrase que non haxa contradicións ou diferencias de criterio entre eles, pero en todo caso prevalecerán polo orden descrito.

1.3.- DESCRICIÓN XERAL DAS OBRAS

As obras a realizar no presente proxecto son as enumeradas e descritas no apartado correspondente da Memoria, Medicións, Presuposto e nos Planos do proxecto.

CAPITULO 2.- NORMAS E INSTRUCIÓN S

2.1.- DISPOSICIÓN S DE CARÁCTER XERAL

Son preceptivos, ademais das contidas no presente Prego, as seguintes:

- Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación das obras do Estado.
- Normas UNE do MOPU, actualmente aprobadas.
- Disposicións referentes á Seguridade e Hixiene no traballo e en particular o RD 1627/ 1997 do 24 de outubro.
- Instrucción E.M.-62 para estruturas de aceiro.

2.2.- DISPOSICIÓN S DE CARÁCTER PARTICULAR

- Prego de Condicións para a recepción de conglomerantes hidráulicos, (R.C.) debendo cumprilas normas UNE 80 301/80.
- Prego de Condicións Técnicas Xerais para tubeiras de abastecemento de auga.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes, (P.G.-4/88), O.M. do 21-01-88, publicado no B.O.E.

28-02-88 e 28-09-89.

- Instrucción para o Proxecto e Execución das obras de formigón en masa ou armado CTE.
- Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubeiras de saneamento de poboacións, MOPU 1986.
- Resto das Normas e Instrucións que aproben polo MOPU, e que afecten as obras incluídas no Proxecto.

Cando exista algunha diferenza, contradición ou incompatibilidade entre algún concepto, sinalado expresamente no Prego de Prescricións Técnicas e no mesmo concepto sinalado en algunha ou algunhas das Disposicións Xerais relacionadas anteriormente, prevalecerá o disposto naquel, salvo autorización expresa por escrito do Director da obra.

CAPITULO 3.- CONDICIÓNS QUE DEBEN SATISFACE-LOS MATERIAIS

3.1.- MATERIAIS EN XERAL

Todos os materiais que se empreguen na execución das obras deberán reuni-las características indicadas neste Prego e nos Cadros de Prezos, coa conformidade do Director da Obra, aínda cando a súa procedencia estea fixada no Proxecto.

O Director da Obra ten a facultade de rexeitar en calquera momento, aqueles materiais que considere que non respondan ás condicións do Prego, ou que sexan inadecuados para o bo resultado dos traballos.

Os materiais rexeitados deberán eliminarse da obra dentro do prazo que sinala o Director.

O contratista notificará, con suficiente antelación, ó Director da Obra, a procedencia dos materiais que, ó seu xuízo, non respondan ás condicións do Prego, aínda no caso de que tales materiais estiveran xa postos na obra.

3.2.- ANÁLISES E ENSAIOS PARA A ACEPTACIÓN DOS MATERIAIS

En relación con canto se prescribe neste Prego acerca das características dos materiais, o Contratista está obrigado a presenciar ou admitir, en todo momento, aqueles ensaios ou análises que o Director da Obra xulgue necesario realizar para comprobala calidade, resistencia e restantes características dos materiais empregados ou que teñan que empregarse.

A vista dos resultados obtidos, rexeitará aqueles materiais que considere non respondan as condicións do presente Prego.

3.3.- MATERIAIS NON ESPECIFICADOS NO PREGO

Os materiais que teñan que ser empregados nas obras e non veñan especificados neste Prego, non se poderán utilizar sen antes ser recoñecidos polo Director da Obra, quen poderá admitilos ou rexeitalos segundo reúnan as condicións que ó seu xuízo sexan esixibles e sen que o Contratista teña dereito a reclamación.

3.4.- TRABALLOS EN XERAL

Como norma xeral, o Contratista deberá realizar todos os traballos adoptando a mellor técnica constructiva que se requira para a súa execución e cumprindo, para cada unha das distintas unidades, as disposicións que se prescriben neste Prego. Asimesmo adoptará as precaucións precisas durante a construción.

As obras rexeitadas deberán ser demolidas e reconstruídas dentro do prazo que fixe o Director.

3.5.- EQUIPOS MECÁNICOS

A Empresa constructora deberá dispoñer dos medios mecánicos precisos, co persoal idóneo para a execución dos traballos incluídos no Proxecto.

A maquinaria e demais elementos de traballo deberán estar, en todo momento, en perfectas condicións de funcionamento, e quedarán adscritos á obra durante o curso de execución das unidades en que deban utilizarse, non podendo retiralas sen o consentimento do Director.

3.6.- ANÁLISES E ENSAIOS PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS

O contratista está obrigado, en calquera momento, a sometelas obras executadas o en execución, ós análises e ensaios que

en clase e número o Director xulgue necesarios para o control das obras ou para controla-la calidade, resistencia e restantes características.

3.7.- OBRAS NON INCLUÍDAS OU TRABALLOS NON ESPECIFICADOS NO PREGO

Aquelas unidades de obra que non estivesen incluídas ou aqueles traballos que non aparecesen especificados no Prego, executaranse de acordo ó sancionado pola experiencia como regras de boa construción ou execución, debendo seguir o contratista, escrupulosamente, as normas especiais que, para cada caso, sinala o Director da Obra.

3.8.- TUBEIRAS DE FIBROCEMENTO

Son elementos rectos, de sección circular e ocós, obtidos a base dunha mestura íntima e homoxénea de auga, cemento e fibras de amianto, sen adición algunha que poida prexudicar a súa calidade.

As tubeiras exteriormente e interiormente deberán presentar unha superficie regular e lisa, sen protuberancias nin descunchados.

Só se permitirán tubeiras cortadas cando o sexan en sección normal ó eixe.

DIÁMETROS NOMINAIS	(MM)	DOBRE DA FRECHA
50	70	5,5 L
80	200	4,5 L
250	500	3,5 L
600	1.000	2,5 L

sendo L = Lonxitude expresada en metros.

Sen prexuízo do anteriormente dito deberán cumprilo especificado no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubeiras de Abastecemento de Auga.

3.9.- TUBEIRAS DE P.V.C

As tubeiras serán de Cloruro de Polivinilo (P.V.C.), e deberán ter concedida a marca de calidade de Plásticos Españóis da Agrupación Autónoma Industrias do Plástico no grupo correspondente ós diámetros utilizados. Deberá cumprilas Prescricións indicadas nos apartados 2.22 e 2.23 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubeiras de Abastecemento de Augas, que se refiren ás condicións que deben ter os materiais constituíntes.

Non se admitirán pezas especiais fabricadas pola unión mediante soldadura ou pegamento de diversos elementos.

As tubeiras marcaranse exteriormente e de maneira visible cos datos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubeiras de Abastecemento de Augas, e cos complementarios que xulgue oportuno o fabricante.

O material das tubeiras estará exento de gretas, granulometrías, burbullas ou falta de homoxeneidade de calquera tipo. As paredes serán suficientemente opacas para impedir o crecemento de algas ou bacterias cando as tubeiras quedan expostas á luz solar.

As condicións de funcionamento das xuntas e unións deberán ser xustificadas cos ensaios realizados no laboratorio Oficial e non serán inferiores ás correspondentes á propia tubeira.

3.10.- TUBOS DE P.E.A.D

Son elementos rectos, de sección circular e ocós, obtidos a base de polietileno puro fabricados a baixa presión.

Os tubos deberán presentar interiormente unha superficie regular e lisa, sen protuberancias nin descunchados; idénticas condicións cumprirá a superficie exterior do tubo na zona de unión.

O material dos tubos estará exento de gretas, granulacións, burbullas ou falta de homoxeneidade de calquera tipo. As paredes serán suficientemente opacas para impedir o crecemento de algas ou bacterias, cando os tubos queden expostos á luz solar.

3.11.- TUBOS E CONDUCTOS DE FORMIGÓN

Os tubos para canalización construíranse de formigón, utilizando moldes metálicos ríxidos e mestura fortemente comprimida dosificada a razón de 400 Kg. de cemento por metro cúbico de árido.

Non se admitirán os tubos que presenten ondulacións ou desigualdades superiores ós 5 mm. Interiormente deberán presentar unha superficie regular e lisa, sen protuberancias nin descunchados. Exteriormente serán de aplicación as mesmas condicións.

A proba de impermeabilidade farase sometendo as pezas a presión inferior de cinco (5) metros de auga; e a de porosidade de inmersión, con unha tolerancia mínima do dez por cento (10%) sobre o peso en seco. Os tubos centrifugados cumprirán as mesmas condicións enumeradas.

3.12.- TUBEIRAS DE FUNDICIÓN DÚCTIL

As tubeiras de Fundición Dúctil, así como os elementos necesarios para o seu montaxe, axustaranse ó previsto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Abastecemento de Auga .

As tubeiras faránselle as seguintes comprobacións:

- Exame visual do aspecto xeral das tubeiras para comproba-las condicións que se indican no apartado do citado Prego.
- Comprobación das dimensións, espesuras e rectitude das tubeiras.
- Probas de estanquidade das tubeiras a unha presión hidráulica de cincuenta (50) Kg/cm².

3.13.- VÁLVULAS

As válvulas deberán ser garantidas e homologadas polo seu fabricante e modelo.

Deberán ser probadas a unha presión da dobre da súa utilización. Terán os corpos, tapas, comportas, domos e prensaestopa de fundición gris, torneada con precisión, perfectamente pintadas e embetumadas exterior e interiormente.

3.14 VENTOSAS

As ventosas, que unha vez conectadas as tubeiras permitirán a saída do aire acumulado na conducción, ou a entrada cando esta se baleire, presentarán diámetros de 40, 60, 80 segundo figure nas medicións ou en todo caso segundo indicacións do Dirección da Obra.

Entre a ventosa e a conducción intercalárase unha chave de paso (comporta), inmediatamente despois da peza en " T ".

As ventosas serán de fundición, aceiro moldeado ou aceiro inoxidable, e estarán provistas de bridas para a súa conexión.

3.15.- CHAVES DE PASO

As chaves de paso que se utilizarán serán de 40, 50, 60, 70, 80, ou 100 mm. de diámetro, segundo corresponda ó diámetro da conducción na que se intercala.

Considéranse dous tipos a determinar pola Dirección da Obra.

-De comporta, con corpo, tapa e válvula de fundición ou aceiro moldeado, superficie de asentado de bronce fundido e eixe de aceiro inoxidable, terminada en bridas ou extremos lisos.

-De bolboreta, con corpo e válvula de fundición ou aceiro moldeado, revestido interiormente por un anelo de caucho. O eixe será de aceiro inoxidable e estará terminada en brida. Disporá de mecanismo desmultiplicador, tal que a velocidade decrecente da válvula na aproximación do cerre.

3.16.- PAVIMENTO DE FORMIGÓN

O cemento utilizado será do tipo PA-350 ou equivalente, non podéndose utilizar calquera outro tipo de aglomerante sen autorización expresa do Enxeñeiro Director.

A auga utilizada, será aquela que estea sancionada pola práctica como boa, para a realización de formigóns.

O árido a utilizar será rodado ou machicado procedente de gráveas naturais e de tamaño máximo de 6 cm.. Calquera cambio

no tipo de áridos, contará coa autorización previa do Enxeñeiro Director.

Todos os compoñentes, así como a confección do formigón e a súa posta en obra, cumprarán os apartados correspondentes.

A execución do pavimento do formigón realizarase seguindo as seguintes pautas:

- 1) As superficies a formigonear han de quedar saneadas e limpas.
- 2) A capa de pedra machicada (se existe) entre o formigón e o terreo estará debidamente compactada e estendida.
- 3) O formigoneado farase en franxas de dez metros (10 m) lonxitude e ancho máximo de cinco metros (5 m). Estas medidas pódense variar si se deseña o pavimento en formigón armado.
- 4) Nas xuntas, evitarase a presenza de materiais distintos ós autorizados polo Enxeñeiro Director, unha vez fraguado o formigón.
- 5) Unha vez vibrada e asilada a superficie final do pavimento, non se permitirán resaltes entre lousas maiores de cinco milímetros (5 mm).
- 6) Durante os traballos de formigoneado o Enxeñeiro Director da obra pode ordenala toma de mostras para a realización de ensaios polo Organismo ou empresa homologada, en calquera momento e por conta do Contratista, o cal proporcionará toda a axuda necesaria para realiza-las mesmas.
- 7) En tempo chuvioso, deixarase de formigonear cando a intensidade da chuvia sexa tal que altere a composición do formigón ou prexudique a súa calidade. Analogamente, suspenderase o formigoneado ó baixar a temperatura ambiente de dous grados centígrados (2o C). Si se formigou xa, e si se prevé que a temperatura nas próximas horas vai descender por debaixo dos dous grados centígrados, protexerase con plásticos, toldos ou material similar a superficie formigoneada. Todo formigón procedente da central e que o período de tempo de transporte desde aquela á obra, sexa superior a hora e media, non será admitido, pola posibilidade de presentar fases iniciais de fraguado, sempre e cando non leve aditivos que prolonguen tal período de tempo.
- 8) En canto a que as resistencias características estimadas sexan inferiores ó 90% da resistencia característica do Proxecto, seguirase todo o dito no artigo dedicado ó formigón.

3.17.- BALDOSA HIDRÁULICA

Constituída por unha capa de pegada de morteiro rica en cemento, area moi fina e colorantes, e unha capa de base de morteiro menos rica en cemento e area grosa. Poderá presentar unha capa intermedia de morteiro análogo ó da pegada, sen colorantes. Non presentará alabeos, gretas nin deformacións.

Os materiais de orixe deberán cumprir-las condicións funcionais e de calidade fixadas nas NTE, así como as correspondentes normas e disposicións vixentes relativas á fabricación e control industrial ou no seu defecto, ás Normas UNE 7008, 7015, 7033, 41088.

Cando este material chegue á obra con certificado de Orixe Industrial que acredite o cumprimento de ditas condicións, normas e disposicións, a súa recepción realizarase comprobando unicamente as súas características aparentes.

Si se trata de baldosas subministradas por algún provedor xustificarse a súa helicidade e coeficiente de absorción, a petición do Director da Obra, coa correspondente certificación da casa subministradora.

3.18.- TERRAZO

Placa cadrada constituída por unha capa base de morteiro e cara de pegada formada por morteiro de cemento, con areilla de mármore, chinas ou laxes de pedra e colorantes. A súa cara de pegada presentarase pulida, sen pulir e lavada sen defectos e color uniformes e arestas vivas e biseladas. Levará gravada no dorso a marca do fabricante.

Os materiais de orixe industrial deberán cumprir-las condicións funcionais e de calidade fixadas nas NTE, así como as correspondentes normas e disposicións vixentes relativas á fabricación e control industrial ou no seu defecto, ás Normas UNE 7008, 7015, 7033, 41008, 41153.

Cando este material chegue á obra co certificado de Orixe Industrial que acredite o cumprimento de ditas condicións, normas e disposicións, a súa recepción realizarase comprobando unicamente as súas características aparentes.

3.19.- BORDELOS

Utilizaranse bordelos prefabricados de formigón de 40 cm. de altura.

A sección transversal dos bordelos curvos será a mesma que as dos rectos, e a súa directriz axustarase á curvatura do elemento constructivo en que vaian a ser colocados.

Admitirase unha tolerancia nas dimensións da sección transversal, de dez milímetros (+ - 10 mm.).

A lonxitude mínima da peza será dun metro (1 m).

3.20.- PAVIMENTOS FLEXIBLES

AFIRMADO

Procederase ó afirmado soamente cando a explanación estea en perfectas condicións de rasante, compactación , nivelación e regularización nas zonas que se sinalen nos Planos e Pregos de Prescricións Técnicas Particulares, ou ben o sinalado polo Director das Obras.

SUB-BASES GRANULAIAS

Empregaranse gravas naturais das que se encontran nos leitos dos ríos ou noutros depósitos sedimentarios. Os materiais procederán de machiqueo e trituración de pedra de canteira ou grava natural.

As gravas naturais a empregar deberán estar exentas de materia orgánica, marga ou outras sustancias estrañas.

As características dos materiais comprobaranse antes de súa posta en obra mediante a execución dos ensaios, dos que a frecuencia e tipo determinarao a Dirección da Obra.

A compactación efectuarase lonxitudinalmente comezando polos bordes, continuando ata o centro e solapando en cada recorrido un ancho non inferior a un tercio do elemento compactador. Durante esta fase deberanse corrixir coa motoniveladora as posibles irregularidades do perfil, tendo coidado de que, antes de termina-la compactación, a motoniveladora cese na súa intervención, co fin de conservar na superficie a mesma densidade alcanzada na parte mais profunda.

Non se estenderá ningunha nova tongada en tanto non se haxan realizado, encontrándose conformes, as comprobacións de nivelación e grado de compactación da precedente.

BASES DE MACÁDAM

Defínese como base de macádám, a capa de firme situada inmediatamente debaixo do pavimento. Unha vez estendido o árido grosso procederase o seu apisoado, co obxecto de que os materiais se encaixen e traben entre si. Os ocós resultantes rachearanse con material fino, chamado recebo.

Será de aplicación o Artigo 502-2 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais do PG-4/88.

As obras executaranse de acordo co ordenado no Artigo 502.3 do P.G. 4/88. A tolerancia da superficie acabada e as limitacións de execución, estarán de acordo co que se indica nos Artigos 502.4 e 502.5 de dito Prego.

BASES DE ZAHORRA ARTIFICIAL

Defínese a base como a capa de firme situada inmediatamente debaixo do pavimento.

A súa execución inclúe as operacións seguintes, reiteradas cantas veces sexa preciso:

- Compactación da superficie de asentado.
- Extensión dunha tongada.
- Compactación dunha tongada.

O árido comporase de elementos limpos, sólidos e resistentes, de uniformidade razoable, exentos de po, sucidade, areilla ou outras materias estrañas.

EMULSIÓN

Defínense as emulsións asfálticas como as suspensións de pequenas partículas dun produto asfáltico en auga ou nunha solución acuosa, cun produto emulsionante, de carácter aniónico ou catiónico, que é o que lle da o carácter a emulsión.

Utilizarase emulsión catiónica, cumprindo as esixencias que se sinalan no PG-4/88.

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



ÁRIDOS PARA REGOS ASFÁLTICOS

O árido que se utilice será obtido por machiqueo de pedra procedente de canteiras apropiadas a grávea natural. O árido empregado na capa de rozadura cumprirá as condicións esixidas polo Prego Xeral de Prescricións Técnicas PG-4/88.

DOSIFICACIÓNS

As dosificacións por metro cadrado dos distintos regos serán as indicadas nas correspondentes unidades de obra e especificadas nos Cadros de Prezos do Proxecto, anque o Director das Obras poderá modificar tal dosificación á vista das probas, debendo a dotación do ligante quedar definida pola cantidade que o firme é capaz de soportar en vinte e catro horas.

Solo será necesario empregar árido se a capa recen tratada se abraza ó tráfico ou cando, por empregarse en exceso o ligante, este non fora absorbido transcorridas 24 horas despois da súa extensión. Neste caso, o árido a empregar será area natural, ou procedente de machiqueo, exenta de po, areilla ou materia orgánica, non debendo conter, no momento da súa extensión, mais dun 2% de auga libre.

REGOS ASFÁLTICOS

O rego asfáltico aplicarase cando a temperatura ambiente á sombra sexa superior a 15° C e non exista fundado temor de precipitacións atmosféricas; si se prevé que a temperatura vai a aumentar ó longo do día, poderase iniciar este cunha temperatura de 10° C.

Prohíbese a execución do rego sobre superficies molladas, salvo no caso que se empreguen activantes. Se a humidade relativa ambiente é superior ó 85% non se poderá efectúa-los regos.

A tolerancia máxima admitida será de 10 mm medida cunha regra de 3 m colocada en calquera dirección.

REGO DE IMPRIMACIÓN

De acordo coa natureza do firme e as condicións climatolóxicas elíxese o ligante bituminoso ECR-2

A dosificación a empregar será a indicada no Cadro de Prezos do Proxecto, anque o Director da Obra poderá modificar tal dosificación á vista das probas, debendo a dotación do ligante quedar definida pola cantidade que o firme é capaz de absorber en vinte e catro horas.

Só será necesario empregar árido se a capa recen tratada se abraza ó tráfico ou cando, por empregarse en exceso o ligante, este non fora absorbido transcorridas 24 horas despois da súa extensión. En este caso, o árido a empregar será area natural, ou procedente de machiqueo, exenta de po, areilla e materia orgánica, non debendo conter, no momento da súa extensión, mais dun dous por cento de auga libre.

EXECUCIÓN DAS OBRAS

O equipo necesario para a aplicación do ligante será o descrito no P.G. 4/88 e a execución da obra deberá efectuarse de acordo co Artigo 530.6 de dito Prego.

REGO DE ADHERENCIA

De acordo coa natureza do firme e condicións climatolóxicas, elíxese o ligante bituminoso ECR-2.

A dosificación será a indicada no Cadro de Prezos do Proxecto. Non obstante, o Director da Obra poderá modificar tal dosificación á vista dos ensaios realizados.

EXECUCIÓN DAS OBRAS

O equipo necesario para a aplicación do ligante será o descrito no P.G. 4/88 e a execución da obra deberá efectuarse de acordo co sinalado no Artigo 531.6 de dito Prego.

TRATAMENTOS SUPERFICIAIS

De acordo coa natureza do firme e as condicións climatolóxicas elíxese o ligante bituminoso ECR-2.

Tanto para a granulometría dos áridos como para as condicións xerais, calidade, forma, coeficiente de pulimento acelerado,

etc., estarase no establecido no P.G. 4/88 (532.1 e 532.2).

A dosificación do ligante bituminoso e dos áridos será a indicada no Cadro de Prezos.

O equipo necesario para a aplicación do ligante e para a extensión do árido será o descrito no P.G. 4/88 e a execución da obra deberá efectuarse de acordo co Artigo 532.6 de dito Prego.

MICROAGLOMERADOS EN FRÍO

Os materiais empregados na elaboración do microaglomerado deben cumprir as características dispostas no artigo 540.2 do PG 3.

De acordo con artigo 540.4 do PG 3 o microaglomerado en frío fabricarase en mesturadores móbiles autopropulsados que de forma simultánea realizarán a extensión. O equipo disporá dos elementos para realizar ou facilitar a carga de todos os materiais, así como da capacidade de carga necesaria para realizar aplicacións en continuo de máis de catrocentos metros (400 m).

O mesturador será de tipo continuo.

A extensión do microaglomerado en frío realizarase por medio dunha caixa repartidora, remolcada sobre a superficie a tratar, xeralmente polo equipo que leva o mesturador.

Nos casos en que se esixa a compactación utilizaranse compactadores de pneumáticos, estando prohibido o uso de calquera elemento de compactación con llanta metálica.

A execución da obra deberá efectuarse de acordo co Artigo 540.5 do PG 3

Os criterios de aceptación y rexeite da unidade de obra son os especificados no Artigo 540.10 do PG 3.

MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE

Os materiais empregados na elaboración da mestura bituminosa deben cumprir as características dispostas no artigo 542.2 do PG 3.

De acordo co artigo 542.4 as mesturas bituminosas en quente fabricaranse por medio de centrais de mestura continua ou discontinua, capaces de manexar de forma simultánea en frío o número de fraccións do árido que esixa a fórmula de traballo adoptada.

Para o transporte da mestura, empregaranse camións de caixa lisa e estanca, perfectamente limpa e que se tratará, para evitar que a mestura bituminosa se adhira á mesma con un produto cunha composición e dotación que deberán ser aprobadas polo Director das Obras.

Para a extensión da mestura, as extendedoras serán autopropulsadas, e estarán dotadas dos dispositivos necesarios para estender a mestura bituminosa en quente coa xeometría e produción desexadas e un mínimo de precompactación.

A extendedora deberá estar dotada dun dispositivo automático de nivelación, e dun elemento calefactor para a execución da xunta lonxitudinal.

Para a compactación poderanse empregar compactadores de rolos metálicos, estáticos ou vibrantes, de pneumáticos ou mixtos. A composición mínima do equipo será un (1) compactador vibratorio de rolos metálicos ou mixto, e un (1) compactador de pneumáticos; para mesturas bituminosas drenantes este último substituirase por un (1) compactador de rolos metálicos tándem, non vibratorio.

Tódolos tipos de compactadores deberán ser autopropulsados e ter inversores de sentido de marcha de acción suave.

A execución da obra deberá efectuarse de acordo co Artigo 542.5 do PG 3.

Os criterios de aceptación y rexeite da unidade de obra son os especificados no Artigo 542.10 do PG 3.

3.21.- OBRAS DE FÁBRICA

OBXECTO

Son obxecto das normas e condicións facultativas que se dan a este capítulo, as obras de fábrica incluídas no presuposto, abarcando todos os oficios e materiais que nelas se empregan.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS

As obras de fábrica terán a forma, dimensións e características constructivas fixadas nos Planos, estados de Medicións e

Cadro de Prezos, resolvéndose polo Director da Obra calquera discrepancia que puidera xurdir.

3.22.- OBRAS ACCESORIAS

ARREGRO DE ARCÉNS E CUNETAS

Entendese por arreglo de arcéns e cunetas a execución por parte do adxudicatario das operacións necesarias para que estes queden perfectamente limpos e coas seccións indicadas no Proxecto.

SINALIZACIÓN DAS OBRAS

Co fin de que a circulación dos vehículos polos tramos que o Enxeñeiro encargado, verifique sen entorpecemento algún, o Contratista queda obrigado a ordenar e dirixir o tráfico, colocando a sinalización e o persoal que sexa necesario para elo.

De todos os accidentes que por incumprimento do anterior se ocasionen, será de responsabilidade do Contratista, quen deberá indemnizar todos os prexuízos que se produzan.

CANOS PARA REGO E SALVACUNETAS

Serán colocados nos lugares e forma que indique o Enxeñeiro Director da obra, atendéndose ós Planos do Proxecto e as indicacións que sobre a marcha dea a Dirección Facultativa da Obra.

SINALIZACIÓN FINAL DAS OBRAS

As sinales axustaranse os modelos oficiais vixentes que figuran na Lei de Estradas ou ás que en cada caso, sinala o Enxeñeiro Director da obra. O seu prezo inclúe a adquisición, transporte, colocación e todo tipo de materiais e man de obra requiridos para a súa colocación nos lugares necesarios. Abonarase por unidade.

RAMPAS CON ARISTADO

Colocarase nos lugares que indique a dirección da obra e adaptaranse ós Planos do Proxecto e ás normas que en cada caso dicte a dirección da obra. Abonarase por metro lineal.

BOQUILLAS

As boquillas de pozo e aletas para os canos abonarase a prezos de proxecto por unidade. Todas as normas dadas para as obras de fábrica son válidas neste caso.

TRASLADO E REPOSICIÓN

O traslado de postes, retrínqueo de muros, etc., que se sinalen no proxecto, abonarase con cargo as partidas económicas previstas ó efecto, así como a reparación dos danos que se poidan causar durante a construción.

LIMPEZA

A limpeza de cunetas, arcéns e taludes abonarase por metro lineal e o seu prezo inclúe todas as operacións necesarias para a súa perfecta execución, así como materiais e man de obra. A súa perfecta realización é condición indispensable para que a obra poida ser recibida definitivamente e se devolva a fianza.

3.23.- MORTEIROS DE CEMENTO

Os tipos de morteiro a empregar nas distintas clases de obra, son os seguintes:

- **MH-300:** Trescentos quilogramos de cemento PA-350 por metro cúbico de morteiro. Utilizarase en fábrica de ladrillo e mampostería de formigón.
- **MH-450:** Catrocentos cincuenta quilogramos de cemento PA-350 por metro cúbico de morteiro. Utilizarase en capas de asento de elementos prefabricados.
- **MH-600:** Seiscentos quilogramos de cemento PA-350 por metro cúbico de morteiro. Utilizarase en enfoscados exteriores.

3.24.- ARMADURAS DE ACEIRO A EMPREGAR EN FORMIGÓNS ARMADOS

O aceiro ordinario a empregar en armaduras cumprirá as condicións esixidas no CTE.

A forma e dimensións da armadura serán as sinaladas nos Planos.

Salvo outras instrucións que figuren nos Planos ou sexan indicadas polo Enxeñeiro Director, o recubrimento mínimo das armaduras será a seguinte:

Paramentos impostos a intemperie: 2.5 cm

Paramentos en contacto con terras, sen impermeabilizar: 4.0 cm.

En caso de trata-las superficies vistas do formigón por abuxardado, o recubrimento aumentará nun centímetro (1 cm). Este aumento realizarase no espesor do formigón.

As armaduras colocaranse limpas, exentas de toda sucidade e óxido adherente.

3.25.- ENCOFRADO

Defínense como obras de encofrado as consistentes na execución e desmontaxe das construcións auxiliares necesarias para moldear o formigón. A súa execución inclúe as operacións seguintes:

Construción e montaxe.

Desencofrado.

Os encofrados poderán ser metálicos, de madeira, taboleiros de madeira aglomerada especiais, etc.

A forma e dimensións da madeira serán as executadas para garantir a resistencia do encofrado e cubri-lo posible risco de accidentes. Os encofrados deberán reuni-las condicións que prescribe a Instrucción CTE.

Os encofrados de madeira humedeceranse antes do formigoneado, a fin de evita-la absorción da auga contida no formigón.

Ningún elemento da obra poderá ser desencofrado antes de que o formigón estea suficientemente endurecido e o Enxeñeiro Director dea a súa autorización. Os produtos que se empreguen como desencofrantes deberán ser aprobados previamente polo Enxeñeiro Director.

3.26.- FÁBRICA DE LADRILLO

Os ladrillos antes de ser colocados, mollaranse perfectamente en auga, colocaranse de plano sobre a capa de morteiro e apertándoos ata conseguir o espesor da xunta desexado. O espesor da capa do morteiro sobre a que se asentará o ladrillo unha vez asentados estes, quedará de 5 mm. de espesor.

3.27.- REXUNTADOS E ENLUCIDOS

O rexuntado en muros careados, etc., farase baleirando primeiro as xuntas de tres (3) centímetros de profundidade e recheándoos con morteiro que se adopte no proxecto, deixando a xunta sempre algo embutida e en ningún caso saínte.

Sobre ladrillo e mampostería executarase embebendo previamente a superficie para obter unha boa adherencia. Ó tempo de aplica-lo morteiro a superficie enlúcese, encontrarase esta húmida, pero sen exceso de auga que puidera esclavos ladrillos.

O enlucido deberá facerse en xeral, nunha soa capa arroxando o morteiro sobre a superficie a enlucir de modo que quede adherido a ela, alisándoo despois convenientemente, frataseando, é dicir, presionando con forza coa pala de madeira. Os enlucidos manteranse húmidos por medio de regos moi frecuentes durante o tempo necesario para que non se tema a formación de gretas por desecación.

Levantarse, picarase e refarase por conta do Contratista todo o enlucido que presente gretas, ou que polo son que produza ó ser golpeado, ou por calquera outro indicio se aprecie que está, polo menos parcialmente, desprendido do paramento da fábrica.

3.28.- ARQUETAS E POZOS DE REXISTRO

As arquetas e pozos de rexistro executaranse con fábrica de ladrillo ou de formigón coas espesuras que se indican nos correspondentes Planos; a soleira de ditas arquetas e do pozo será de formigón en masa, sobre a cal se asentará a fábrica de ladrillo,

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



en caso que sexa deste tipo.

Aquelas arquetas ou pozos que, pola súa profundidade, sexa necesario colocar escaleiras de baixada, faranse con patés de ferro.

Os marcos e tapas serán de fundición debidamente reforzado para aguanta-lo paso de vehículos por encima, adaptándose á nova Norma Europea CEN - EN 124, nas que define as resistencias necesarias para, en función do lugar de colocación, garanti-la seguridade dun bo rendemento das pezas. As clases principais son:

E-600 resiste máis de 60.0 Tns. para zonas especiais.

A-400 resiste máis de 40.0 Tns. para calzadas de todo tráfico.

C-250 resiste máis de 25.0 Tns. para bordes de calzada e parking.

B-125 resiste máis de 12.5 Tns. para as aceiras.

3.29.- PEZAS ESPECIAIS, APARATOS E MECANISMOS

A instalación de pezas especiais, comportas, válvulas e outros aparatos ou mecanismos que formarán parte das obras, farase de sorte que poidan cumprir satisfactoriamente o servizo ó que se destinen, funcionando correctamente.

Entenderase que se son incluídos os prezos das referidas pezas especiais, comportas, válvulas, aparatos, máquinas e mecanismos que formen parte da obra no correspondente prezo da tubeira, a menos que o seu prezo veña especificado no Cadro de Prezos Nº 1.

CAPITULO 4.- EXECUCIÓN E CONTROL DAS OBRAS

4.1.- REPLANTEO DAS OBRAS

Previamente a iniciación das obras procederase ó replanteo das mesmas comprobándose posteriormente en presenza do Contratista; neste acto a Dirección da obra determinará as referencias, e a conservación será responsabilidade do Contratista, necesarios e suficientes para que partindo delas e coa soa axuda dos Planos pódase determinar inequivocamente as restantes partes das obras. Todo elo quedará reflexado na Acta que se levantará ó efecto.

Si do replanteo se derivase a necesidade de facer algunha modificación de detalle, entregaranse ó Contratista planos complementarios que reflexen estas modificacións.

4.2.- DESPEXE E DESBROCE DO TERREO

Consiste en extraer e retirar das zonas designadas todos os árbores, tocóns, plantas, maleza, broza, escombros, lixo ou calquera outro material indesexable a xuízo da Dirección Técnica. Inclúe as operacións de remoción e retirada dos materiais obxecto do desbroce. A remoción efectuarase coas precaucións necesarias para lograr unhas condicións de seguridade suficientes e evitar danos nas construcións existentes, árbores a conservar, etc.

4.3.- ESCAVACIÓN DA EXPLANACIÓN E PRÉSTAMOS

Defínese como escavación da explanación o conxunto de operacións para escavar, evacuar e nivelar as zonas onde se asentará a obra.

O Contratista indicará ó Enxeñeiro Director con antelación suficiente o comezo de calquera escavación ó fin de requirir a este a previa aprobación ó sistema de execución a empregar.

Si se encontra material inadecuado no leito, o Contratista Adxudicatario deberá escavar tal material de acordo coas instrucións do Enxeñeiro Director e rechear ditas áreas con material adecuado.

Si se encontran niveles acuíferos no curso da escavación, haberá que tomar as medidas adecuadas de acordo co Enxeñeiro Director.

Durante as diversas etapas da escavación, as obras manteranse en perfectas condicións. O Contratista tomará as medidas oportunas para a protección das obras contra augas superficiais e de filtración.

No caso de que o Contratista non teña tomado as medidas necesarias de drenaxe, sexan provisionais ou definitivas, correrá ó seu cargo os gastos de restablecemento das obras afectadas.

En canto a escavación en préstamos, farase naquel lugar que elixa o Contratista, sempre que o autorice o Enxeñeiro Director, sendo á súa costa a obrigación e responsabilidade de obter a autorización legal para tales escavacións.

SUPERFICIE DE FUNDACIÓN

Nos camiños de nova construción deberá desmontarse o terreo ata unha profundidade que asegure, non só a eliminación da capa de terra vexetal, si non tamén aquelas outras que non soporten as cargas unitarias que lles ha de transferir o camiño. Asimesmo, eliminarase todos os materiais soltos ou removidos, os descompostos ou alterados pola acción de axentes atmosféricos e, en xeral, todos os capaces de obstaculizar unha boa unión entre o corpo do camiño e o terreo natural.

4.4 DESMONTE

ESCAVACIÓNS EN DESMONTE

Unha vez terminados os traballos previos ou inspeccionados e admitidos polo Director da Obra, os traballos de escavación realizaranse axustándose as aliñacións, pendentes, dimensións e de mais datos que figuren no Proxecto.

As terras procedentes das escavacións que, a xuízo do Director da Obra, non se consideren adecuadas para a construción de terrapléns para outro emprego, deberán afastarse da área de ocupación do camiño, depositándoas en zonas de cabaleiro que o contratista procurará pola súa conta e que escollerá de modo que non dane propiedades públicas ou privadas.

Nos tramos de escavación en rocha, se no Proxecto non está prevista a construción dunha explanación mellorada, escavarase, como mínimo quince cm mais cos fixados como cota de explanación, recheándose este exceso de escavación con material idóneo que se compactará e perfilará de acordo coas normas sobre terrapléns.

Os desmontes ou escavacións clasifícanse atendendo á natureza do terreo, dentro dalgunha das tres clases seguintes:

A.- ESCAVACIÓN EN ROCHA

A realizada naqueles materiais tan cementados que necesiten ser escavados mediante o uso de explosivos.

B.- ESCAVACIÓN TERREOS DE TRÁNSITO

A realizada en rochas ou terras moi compactadas e, en xeral, en todos os materiais que necesiten o uso de maquinaria potente para unha labor previa de escavación.

C.- ESCAVACIÓN TERREOS DE CONSISTENCIA NORMAL

Comprende a escavación daqueles materiais, que a súa consistencia permita a acción directa das máquinas normais de escavación.

EXECUCIÓN DAS OBRAS

Cando a natureza, consistencia e humidade do terreo fagan presumir a posibilidade de desmoramentos, correntes ou afundimentos, deberase ó seu tempo apuntalar ou entubalar as escavacións.

A inclinación dos taludes nas escavacións será a que se fixa no Proxecto, sendo a contrata responsable dos posibles danos a persoas ou cousas por desprendementos, e estará obrigada a retirar o material derribado e a reparar as obras.

A contrata deberá proceder, por todos os medios posibles, a defendelas escavacións da penetración das augas superficiais ou freáticas, mediante os oportunos desaugues ou esgotamentos.

No uso de explosivos para a escavación en rocha, rexirán as disposicións vixentes que regulan a materia ou que se dicten polo Director da Obra.

O persoal que interveña na manipulación e emprego de explosivos deberá ter recoñecida práctica e pericia, reunindo as condicións adecuadas en relación coa responsabilidade que corresponde a estas operacións.

O Contratista subministrará e colocará as sinaleas necesarias para advertir ó público do traballo con explosivos, cuidando non poñer en perigo vidas ou propiedades, sendo responsable dos danos que se deriven do emprego dos mesmos.

4.5.- TERRAPLÉNS

Defínese como obras de terraplén as consistentes na extensión e compactación dos materiais adecuados e previamente aprobados polo Enxeñeiro Director. A execución inclúe as seguintes operacións: preparación da superficie de asento do terraplén, humectación e compactación.

Se o terraplén tivera que construírse sobre un firme existente para conseguirla adecuada trabazón entre ambos, escarificaríase; si se tivera que construír sobre un terreo natural, en primeiro lugar executarase o despexe e o desbroce do citado terreo e a escavación e extracción da capa de terra vexetal en toda a súa profundidade.

Unha vez preparado o cemento do terraplén, executarase o terraplén estendendo tongadas sucesivas de espesor uniforme e sensiblemente horizontais. O espesor nunca superará o metro.

Non se admitirá a utilización de pedras, cando a súa dimensión máxima pase dos 2/3 do espesor da tongada.

Unha vez estendida a tongada, procederase á súa humectación en caso necesario, facéndoo de forma uniforme.

Conseguida a humectación mais conveniente, procederase á compactación e non se estenderá sobre ela ningunha outra en tanto non se realizara a nivelación e conformación da mesma e comprobado o seu grado de compactación.

A densidade dos solos en terraplén terá que alcanzar como mínimo os seguintes valores:

Terrapléns ata 2m de altura, ou ben os dous metros superiores de terrapléns de maior altura:

- 100% Proctor normal en solos non cohesivos.

- 97% Proctor normal en solos cohesivos.

Na parte inferior, por debaixo dos 2m superiores ata a superficie do asento:

- 95% Proctor normal en todo tipo de solos.

No prezo encontrase comprendido o coste de toda as operacións, equipos, ferramentas e imprevistos necesarios para executar dita unidade, incluíndo a adquisición, transporte e escavación de préstamos onde sexan necesarios; a preparación da superficie do terreo sobre o que se construíra o terraplén ou dos terrapléns contiguos que teñan que recrecer, así como o rematado e refino dos taludes.

4.6.- ESCAVACIÓN DE CIMENTOS E ZANXAS

Este traballo comprende a escavación e retirada de todo material de calquera natureza, necesario para a execución dos cimentos das obras de fábrica, calquera tipo de conductos, estruturas ou outras obras análogas e o seu emprego nos fins que se especifican neste prego ou que ordene o Enxeñeiro Director, así como o recheo dos espazos libres que quedan ó redor das fábricas, despois de executadas cimentacións.

Antes de comezar calquera escavación, deberá realizarse o despexe e desbroce da zona afectada.

O contratista notificará ó Enxeñeiro Director con suficiente anticipación o comezo de calquera escavación, a fin de que este poida toma-las medidas necesarias sobre o terreo inalterado.

As gabias e pozos de cimentación escavaranse coas dimensións adecuadas, segundo os Planos, e coa folgura necesaria. As cotas inferiores das obras de fábrica ou conductos considéranse como aproximadas, posto que ten que ser o Enxeñeiro Director quen, mediante unha orden escrita fixe as definitivas, introducindo as modificacións que estime necesarias para asegurar unha cimentación satisfactoria, sen que isto leve consigo a modificación do prezo unitario. Os bolos, troncos ou calquera outro material inadecuado que se encontre na escavación será eliminado e o seu coste asumido pola Contrata, ó estar incluído no prezo unitario correspondente.

Se a cimentación se apoia na rocha, limparase de material frouxo ou solto e escavarase ata obter unha superficie firme e limpa a nivel ou escalonado, segundo dispoña o Enxeñeiro Director.

Cando apareza auga na escavación, o Contratista utilizará os medios e instalacións necesarios para esgotala, coa aprobación previa do Enxeñeiro Director. Estes medios e instalacións non suporán variación no prezo unitario da escavación.

Nesta unidade de escavación vai incluída a entibación e arriostamentos necesarios.

A necesidade de entibación virá dada pola natureza do terreo, ou porque así o estime necesario o Enxeñeiro Director. Calquera escavación adicional motivada polo descoído do Contratista e o recheo correspondente, con formigón pobre ata á altura prescrita irán a cargo do mesmo.

4.7.- EXPLANACIÓNS MELLORADAS

Os materiais para a construción da explanación mellorada serán só naturais ou seleccionados.

Carecerán de elementos de diámetro superior á metade do espesor do estrato, e a fracción que pase polo cribo número 200 A.S.T.M. será inferior ó 25%.

As características dos materiais comprobaranse antes da súa utilización, mediante a execución dos ensaios que determine o Director da Obra.

Unha vez finalizada a explanación da obra, inspeccionada e admitida esta polo Director da Obra, procederase á construción da explanada mellorada.

